



## Concello de Baiona

### CERTIFICADO

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
1285/2017	Comisión Informativa do Pleno



**Susana Gallardo Fariña, EN CALIDADE DE SECRETARIO DESTE ÓRGANO,  
CERTIFICO:**



Que, na sesión desenvolvida o 28 de setembro de 2017 se adoptou o seguinte acordo:



#### **Expediente 1285/2017. PROPOSTA DE ORDENANZA DA ADMINISTRACION ELECTRONICA DO CONCELLO DE BAIONA**

##### PROPOSTA DE ORDENANZA DE ADMINISTRACION ELECTRONICA DO CONCELLO DE BAIONA

Resultando que a entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común integra a regulación da administración electrónica e introducción de novidades en materia de administración electrónica na que destaca a xeneralización da utilización dos medios electrónicos no procedemento administrativo común e concretamente,

  comunicación por vía electrónica entre os interesados e as Administraciónes configúrase como un dereito e, nalgúns casos, , como unha obriga;

  vinculación da utilización de medios electrónicos polas Administraciónes na tramitación dos procedementos;

  novo réxime de notificacións electrónicas.

Resultando que con motivo da entrada en vigor da Lei 39/2015 e para a implantación electrónica, o Concello, mediante Resolución da Alcaldía de data 20.12.2016 aprobou o Convenio de Colaboración entre a Diputación Provincial de Pontevedra e os <concellos da Provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a implantación do proxecto << Servizo de Administración electrónica para Concellos >>

Resultando que en abril 2016 procedeuse a iniciar o proceso de implantación da administración electrónica mediante a aplicación GESTIONA co fin de dinamizar o



## Concello de Baiona

funcionamento do Concello simplificando os trámites e achegando a administración aos cidadáns e empresas, a través de Internet ou no propio Concello, reducindo o tempo e desprazamentos que son necesarios destinar á realización de moitos trámites: A implantación da administración ten tres módulos:



Registro de entradas e saídas



Gestión de expedientes



Sede electrónica,

Resultando que o artigo 4 da LRBRL atribúe aos municipios potestade regulamentaria que desenvolve no artigo 84.1 que establece que unha das ferramentas das entidades locais para intervir na actividade dos cidadáns, é a través da aprobación de ordenanzas e bandos

O Artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas determina que con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteproxecto de lei ou de regulamento, efectuarase unha consulta pública, a través do portal web da Administración competente, en que se pedirá a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca:

- a) Dos problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) Da necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Dos obxectivos da norma.
- d) Das posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

Non obstante o apartado cuarto determina que poderá prescindirse dos trámites de consulta, audiencia e información públicas previstos neste artigo no caso de normas orzamentarias ou organizativas da Administración local e cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non imponha obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderase omitir a consulta pública regulada no número primeiro.

Resultando que o órgano competente para a súa aprobación é o Pleno de conformidade co artigo 22.2.d) da Lei 7/85, do 2 de abril das bases de réxime



## Concello de Baiona

local.

E por isto polo que esta Alcaldía somete á Comisión Informativa o seguinte punto:

PRIMEIRO.- Estudio e consulta da proposta de Ordenanza de Administración electrónica previa ao período de consulta pública polo prazo de vinte días mediante a súa publicación no portal de transparencia do Concello de Baiona.

### ORDENANZA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

### ÍNDICE DE ARTIGOS

#### [CAPÍTULO 1. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN](#)

[Artigo 1. Obxecto](#)

[Artigo 2. Ámbito de aplicación](#)

#### [CAPÍTULO 2. SISTEMAS DE IDENTIFICACIÓN E AUTENTICACIÓN](#)

[Artigo 3. Sistemas de identificación e autenticación](#)

#### [CAPÍTULO 3. SEDE ELECTRÓNICA](#)

[Artigo 4. Sede electrónica](#)

[Artigo 5. Catálogo de procedementos](#)

[Artigo 6. Contido da sede electrónica](#)

[Artigo 7. Taboleiro de edictos electrónico](#)

[Artigo 8. Publicidade activa](#)

[Artigo 9. Perfil do contratante](#)

#### [CAPÍTULO 4. REXISTRO ELECTRÓNICO](#)

[Artigo 10. Creación e funcionamento do rexistro electrónico](#)

[Artigo 11. Natureza e eficacia do rexistro electrónico](#)

[Artigo 12. Funcións do rexistro electrónico](#)

[Artigo 13. Responsable do rexistro electrónico](#)

[Artigo 14. Acceso ao rexistro electrónico](#)

[Artigo 15. Presentación de solicitudes, escritos e comunicacións](#)

[Artigo 16. Rexeitamento das solicitudes, escritos e comunicacións](#)

[Artigo 17. Cómputo dos prazos](#)

#### [CAPÍTULO 5. NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA](#)

[Artigo 18. Condicións xerais das notificacións](#)

[Artigo 19. Práctica das notificacións electrónicas](#)



## Concello de Baiona

[DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Seguridade](#)  
[DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Protección dos datos](#)

[DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCERO. Habilitación de desenvolvemento](#)  
[DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA. Aplicación das previsións contidas nesta Ordenanza](#)  
[DISPOSICIÓN FINAL. Entrada en vigor](#)

### ORDENANZA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

#### CAPÍTULO 1. OBJECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

##### ARTIGO 1. Obxecto

A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación dos aspectos electrónicos da Administración Municipal, a creación e determinación do réxime xurídico propio da sede electrónica, do rexistro electrónico e da xestión electrónica administrativa, facendo efectivo o dereito dos cidadáns ao acceso electrónico nos servizos públicos municipais.

##### ARTIGO 2. Ámbito de aplicación

Esta Ordenanza será de aplicación ao Concello e as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes deste, e os cidadáns nas súas relacións coa Administración Municipal, cando utilicen medios electrónicos e as relacións entre o Concello e outras Administracións Públicas a través de ditos medios.

##### Ámbito de aplicación obxectivo

Esta Ordenanza aplicarase a aquelas actuacións en que participe a Administración municipal e que se realicen por medios electrónicos, e concretamente ás



## Concello de Baiona

seguintes:

- a) Ás relacións cos cidadáns que teñan carácter xurídico administrativo.
- b) Á consulta por parte dos cidadáns da información pública administrativa e dos datos administrativos que estean en poder da Administración municipal.
- c) Á realización dos trámites e procedementos administrativos incorporados á tramitación por vía electrónica, de conformidade co previsto nesta ordenanza.
- d) Ao tratamento da información obtida pola Administración municipal no exercicio das súas potestades.

Esta Ordenanza define os principios que deben informar as relacións que a Administración municipal estableza con outras administracións a través de medios electrónicos

### CAPÍTULO 2. SISTEMAS DE IDENTIFICACIÓN E AUTENTICACIÓN

#### ARTIGO 3. Sistemas de identificación e autenticación

Os sistemas de identificación e autenticación serán os establecidos no capítulo II do Título I da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Os interesados poderán identificarse electronicamente ante a Administración Municipal a través de calquera sistema que conte cun rexistro previo como usuario que permita garantir a súa identidade. En particular, serán admitidos, os sistemas seguintes:

- a) Sistemas baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de firma electrónica expedidos por prestadores incluídos na «Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación». A estes efectos, enténdense comprendidos entre os citados certificados electrónicos recoñecidos



## Concello de Baiona

ou cualificados os de persoa xurídica e de entidade sen personalidade xurídica.

b) Sistemas baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de selo electrónico expedidos por prestadores incluídos na «Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación».

c) Sistemas de clave concertada e calquera outro sistema que a Administración Municipal considere válido, nos termos e condicións que se establezan.

Os interesados poderán asinar a través de calquera medio que permita acreditar a autenticidade da expresión da súa vontade e consentimento, así como a integridade e inalterabilidade do documento.

No caso de que os interesados optaran por relacionarse coa Administración Municipal a través de medios electrónicos, consideraranse válidos a efectos de sinatura.

a) Sistemas de sinatura electrónica recoñecida ou cualificada e avanzada baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores incluídos na «Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación». A estes efectos, enténdense comprendidos entre os citados certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados os de persoa xurídica e de entidade sen personalidade xurídica.

b) Sistemas de selo electrónico recoñecido ou cualificado e de selo electrónico avanzado baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de selo electrónico incluídos na «Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación».

c) Calquera outro sistema que a Administración Municipal considere válido, nos termos e condicións que se establezan.

Con carácter xeral, para realizar calquera actuación prevista no procedemento administrativo, será suficiente con que os interesados acrediten



## Concello de Baiona

previamente a súa identidade a través de calquera dos medios de identificación previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As Administracións Públicas só requirirán aos interesados o uso obrigatorio de sinatura para:

- a) Formular solicitudes.
- b) Presentar declaracións responsables ou comunicacións.
- c) Interpoñer recursos.
- d) Desistir de accións.
- e) Rexeitar aos dereitos.

### CAPÍTULO 3. SEDE ELECTRÓNICA

#### ARTIGO 4. Sede electrónica

Créase a sede electrónica do Concello, dispoñible na dirección URL <https://http://baiona.sedelectronica.gal>.

A titularidade da sede electrónica corresponderá á Administración Municipal.

A sede electrónica crease con suxeición aos principios de transparencia, publicidade, responsabilidade, calidade, seguridade, dispoñibilidade, accesibilidade, neutralidade e interoperabilidade.

A sede electrónica utilizará para identificarse e garantir unha comunicación segura, certificado recoñecido ou cualificado de autenticación de sitio web ou equivalente.

A sede electrónica deberá ser accesíbel aos cidadáns todos os días do ano, durante as vinte e catro horas do día. Só cando concorran razóns xustificadas de mantemento técnico ou operativo poderá interromperse, por o tempo



## Concello de Baiona

imprescindible, a accesibilidade á mesma. A interrupción deberá anunciarse na propia sede coa antelación que, no seu caso, resulte posible. En supostos de interrupción non planificada no funcionamento da sede, e sempre que sexa factible, o usuario visualizará unha mensaxe na que se comunique tal circunstancia.

Os órganos administrativos do Concello de Mos e entidades dependentes non son responsables, en caso ningún, da información que se poida obter a través de fontes externas que non dependan delas, nin tampouco das opinións que poidan expresar, a través das páxinas web municipais, as persoas non vinculadas a devanditas entidades.

### ARTIGO 5. Catálogo de procedementos

Tal e como establece o artigo 53.1 f) da citada Lei 39/2015, o interesado ten, entre outros, o dereito a obter información e orientación acerca dos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes impoñan aos proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoña realizar.

Neste mesmo sentido, o artigo 16.1 tamén da Lei 39/2015, establece que na sede electrónica de acceso a cada rexistro figurará a relación actualizada de trámites que poden iniciarse no mesmo.

A estes efectos, o Concello fará público e manterá actualizado o catálogo de procedementos e actuacións na sede electrónica.

### ARTIGO 6. Contido da sede electrónica

A sede electrónica terá o contido marcado na lexislación aplicable, debendo figurar en todo caso:



Identificación do órgano titular da sede e dos responsables da súa xestión e dos servizos postos a disposición da mesma e no seu caso, das subsedes dela derivadas.





## Concello de Baiona



información necesaria para a correcta utilización da sede, incluíndo o mapa da sede electrónica ou información equivalente, con especificación da estrutura de navegación e as distintas seccións dispoñibles.



Sistema de verificación dos certificados da sede, que estará accesible de forma directa e gratuíta.



Relación de sistemas de sinatura electrónica que, conforme sexan admitidos ou utilizados na sede.



Relación de selos electrónicos utilizados pola Administración Municipal, incluíndo as características dos certificados electrónicos e os prestadores que os expiden, así como o sistema de verificación dos mesmos.



Acceso ao rexistro electrónico e á disposición de creación do rexistro ou rexistros electrónicos accesibles dende a sede.



Información relacionada coa protección de datos de carácter persoal.



Inventario de información administrativa, co catálogo de procedementos e servizos prestados polo Concello.



Relación dos medios electrónicos que os cidadáns poden utilizar no exercicio do seu dereito a comunicarse coa Administración Municipal.



Medios dispoñibles para a formulación de suxestións e queixas. Acceso, no seu caso, o estado de tramitación do expediente, previa identificación do interesado.



Comprobación da autenticidade e integridade dos documentos emitidos polos órganos ou organismos públicos que abarca a sede que foran autenticados mediante código seguro de verificación.



## Concello de Baiona



Indicación da data e hora oficial.



Calendario de días hábiles e inhábiles a efectos do cómputo de prazos.



Publicaranse os días e o horario no que deban permanecer abertas as oficinas que prestarán asistencia para a presentación electrónica de documentos, garantindo o dereito dos interesados a ser asistidos no uso de medios electrónicos.



Directorio xeográfico actualizado que permita o interesado identificar a oficina de asistencia en materia de rexistros máis próxima o seu domicilio.



Códigos de identificación vixentes relativos aos órganos, centros ou unidades administrativas.

Na sede electrónica, serán de acceso para os cidadáns, sen necesidade de identificación, entre outras, as seguintes informacións :

a) A consulta de información sobre a organización municipal e os servizos de interese xeral, que conterá a lo menos a seguinte información:



súa organización e as súas competencias.



procedementos administrativos que se tramitan electronicamente con indicación



requisitos esenciais.



información sobre outros procedementos que se tramitan pola Administración



municipal aínda que non estean incorporados á tramitación electrónica.



datos de localización da sede física municipal, como son o enderezo postal e o número de teléfono.

b) A consulta de disposicións xerais e información normativas.

c) A consulta da información contida no taboleiro de anuncios electrónico regulado



## Concello de Baiona

na presente ordenanza.

d) A consulta dos impresos e formularios dos trámites municipais en xeral, así como a súa descarga.

e) A consulta do perfil do contratante así como a descarga dos documentos que contén.

Poderase difundir a través de medios electrónicos calquera outra información relativa a asuntos ou cuestións de interese xeral para os cidadáns

### ARTIGO 7. Taboleiro de edictos electrónico

A sede electrónica terá un taboleiro de edictos electrónico onde se publicarán os actos e comunicacións que por disposición legal e regulamentaria así se determinen.

O Concello garantirá mediante os instrumentos técnicos pertinentes o control das datas de publicación dos anuncios ou edictos co fin de asegurar a constatación da mesma a efectos de cómputos de prazos.

A difusión de información e documentación por medios electrónicos non substitúe a publicidade das disposicións normativas e os actos que deban ser publicados en outros medios oficiais, conforme ás leis.

Malia iso, a difusión de información e documentación por medios electrónicos pode complementar a publicidade realizada en boletíns oficiais

### ARTIGO 8. Publicidade activa

O Concello publicará de forma periódica e actualizada a información cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública, todo isto de conformidade coa Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.



## Concello de Baiona

Neste sentido, o Concello publicará:



Información institucional, organizativa e de planificación.  
Información de relevancia xurídica, isto é normativa propia, tanto ordenanzas ou regulamentos como ordenanzas fiscais ou calquera outras disposicións de carácter xeral.



Información económica, orzamentaria e estatística.

### ARTIGO 9. Perfil do contratante

Dende a sede electrónica accederase ao perfil do contratante do Concello, cuxo contido axustarase ao disposto na normativa de contratación.

### CAPÍTULO 4. REXISTRO ELECTRÓNICO

#### ARTIGO 10. Creación e funcionamento do rexistro electrónico

Mediante esta Ordenanza crease o rexistro electrónico do Concello e das súas entidades de dereito público dependentes, determinase o réxime de funcionamento e establécense os requisitos e condicións que haberán de observarse na presentación e remisión de solicitudes, escritos e comunicacións que se transmitan por medios electrónicos.

O funcionamento do rexistro electrónico réxese polo establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na presente Ordenanza e, no previsto por estes, na normativa de Dereito Administrativo que lle sexa de aplicación.

#### ARTIGO 11. Natureza e eficacia do rexistro electrónico

Este Concello dispón dun rexistro electrónico xeral no que se fará o correspondente asento de todo documento que sexa presentado ou que se reciba.

Os rexistros electrónicos de todas e cada unha das Administracións, deberán ser plenamente interoperables, de modo que se garanta a súa



## Concello de Baiona

compatibilidade informática e interconexión, así como a transmisión telemática dos asentos e dos documentos que se presenten en calquera dos rexistros.

O rexistro electrónico xerarán recibos acreditativos destes documentos que garantan a integridade e o non rechazo dos documentos aportados

### ARTIGO 12. Funcións do rexistro electrónico

O rexistro electrónico do Concello cumprirá as seguintes funcións:



Recepción de escritos, solicitudes e comunicacións, así como a anotación do seu asento de entrada.



Expedición de recibos electrónicos acreditativos da presentación de ditos escritos, solicitudes e comunicacións.



Remisión de comunicacións e notificacións electrónicas, así como a anotación do seu asento de saída.



Calquera outras que se lle atribúan legal ou regulamentariamente.

### ARTIGO 13. Responsable do rexistro electrónico

A responsabilidade da xestión deste rexistro corresponderá á Alcaldía do Concello.

### ARTIGO 14. Acceso ao rexistro electrónico

O acceso ao rexistro electrónico realizarase a través da sede electrónica deste Concello sita na seguinte dirección URL: <https://http://baiona.sedelectronica.gal>.

### ARTIGO 15. Presentación de solicitudes, escritos e comunicacións



## Concello de Baiona

Os documentos presentados de maneira presencial ante esta Administración, deberán ser dixitalizados, de acordo co previsto no artigo 27 da Lei 39/2015 e demais normativa aplicable, pola oficina de asistencia en materia de rexistros na que foran presentados para a súa incorporación ao expediente administrativo electrónico, devolvéndose os orixinais ao interesado, sen prexuízo de aqueles supostos en que a norma determine a custodia pola Administración dos documentos presentados ou resulte obrigatoria a presentación de obxectos ou de documentos nun soporte específico non susceptibles de dixitalización.

O rexistro electrónico permitirá a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións todos os días do ano durante as vinte e catro horas.

O Rexistro Electrónico rexerase pola data e hora oficial da Sede Electrónica.

O Rexistro Electrónico xerará automaticamente un recibo da presentación realizada, en formato pdf e mediante algún dos sistemas de identificación admitidos, que deberá conter data e hora de presentación, número de entrada do rexistro e relación dos documentos adxuntos ao formulario de presentación. A falta de emisión do recibo acreditativo da entrega equivalerá á non recepción do documento, o que deberá pórse en coñecemento do usuario.

### ARTÍCULO 16. Rexeitamento de solicitudes, escritos e comunicacións

A Administración Municipal poderá rexeitar aqueles documentos electrónicos que se presenten nas seguintes circunstancias:

a) Que conteñan código malicioso ou un dispositivo susceptible de afectar á integridade ou a seguridade do sistema.

b) No caso de utilización de documentos normalizados, cando non se cumprimenten os campos requiridos como obrigatorios ou cando teña incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

Os documentos adxuntos aos escritos e comunicacións presentadas no



## Concello de Baiona

registro electrónico deberán ser lexibles e non defectuosos, podéndose utilizar os formatos comunmente aceptados que se farán públicos na sede electrónica deste Concello.

Nestes casos, informarase diso ao remitente do documento, coa indicación dos motivos do rexeitamento así como, cando fose posible, dos medios de corrección de tales deficiencias. Cando o interesado o solicite, remitirase xustificación do intento de presentación, que incluírá as circunstancias do rexeitamento.

### ARTIGO 17. Cómputo dos prazos

O registro electrónico rexerese, a efectos de cómputo de prazos, vinculantes tanto para os interesados como para as Administracións Públicas, pola data e a hora oficial da sede electrónica, que contará coas medidas de seguridade necesarias para garantir a súa integridade e figurar visible.

O registro electrónico estará a disposición dos usuarios as vinte e catro horas do día, tódolos días do ano, excepto as interrupcións que sexan necesarias por razóns técnicas.

Aos efectos de cómputo de prazos haberá que estar ao seguinte:

— Cando os prazos se sinalen por horas enténdese que estas son hábiles. Serán hábiles tódalas horas do día que formen parte dun día hábil.

Os prazos expresados por horas contaránse de hora en hora e de minuto en minuto dende a hora e minuto en que teña lugar o acto de que se trate e non poderán ter unha duración superior a vinte e catro horas, en cuxo caso se expresarán en días.

— Cando os prazos se sinalen por días, enténdese que estes son hábiles, excluíndose do cómputo os sábados, os domingos e os declarados festivos.

— A entrada de solicitudes, escritos e/ou comunicacións recibidas en días



## Concello de Baiona

inhábiles entenderanse efectuadas na primeira hora do primeiro día hábil seguinte. Para elo, no asento de entrada inscribíranse como data e hora da presentación aquelas nas que se produciu efectivamente a recepción, constando como data e hora de entrada a primeira hora do primeiro día hábil seguinte.

— A entrada das solicitudes entenderanse recibidas no prazo establecido se se inicia a transmisión dentro do mesmo día e se finaliza con éxito. A efectos de cómputo de prazos, será válida e producirá efectos xurídicos a data de entrada que se consigne no recibo expedido pola unidade de rexistro.

— Non se dará saída, a través do rexistro electrónico, a ningún escrito ou comunicación en día inhábil.

— Considéranse días inhábiles, a efectos do rexistro electrónico da Administración Municipal, os sábados, domingos e os establecidos como días festivos no calendario oficial de festas laborais do Estado, da Comunidade Autónoma e polos da capitalidade do municipio. A estes efectos, poderase consultar o calendario publicado na sede electrónica.

### CAPÍTULO 5. Notificacións electrónicas

#### ARTÍCULO 18. Condicións xerais das notificacións

As notificacións se practicarán preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o interesado resulte obrigado a recibilas por esta vía.

Non obstante o anterior, as Administracións poderán practicar as notificacións por medios non electrónicos nos seguintes supostos.

a) Cando a notificación se realice con ocasión da comparecencia espontánea do interesado ou o seu representante nas oficinas de asistencia en materia de rexistro e solicite a comunicación ou notificación persoal nese intre.

b) Cando para asegurar a eficacia da actuación administrativa resulte necesario practicar a notificación por entrega directa dun empregado público da





## Concello de Baiona

Administración notificante.

Con independencia do medio utilizado, as notificacións serán válidas sempre que permitan ter constancia do seu envío ou posta a disposición, da recepción ou acceso polo interesado ou o seu representante, das súas datas e horas, do contido íntegro, e da identidade fidedigna do remitente e destinatario da mesma. A acreditación da notificación efectuada incorporárase ao expediente.

Os interesados que non estean obrigados a recibir notificacións electrónicas, poderán decidir e comunicar en calquera intre á Administración Pública, mediante os modelos normalizados que se establezan ao efecto, que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicarse por medios electrónicos.

O consentimento dos interesados poderá ter carácter xeral para todos os trámites que os relacionen coa Administración Municipal ou para un ou varios trámites segundo se haxa manifestado.

O interesado poderá así mesmo, durante a tramitación do procedemento, modificar a maneira de comunicarse coa Administración Municipal, optando por un medio distinto do inicialmente elixido, ben determinando que se realice a notificación a partir dese intre mediante vía electrónica ou revocando o consentimento de notificación electrónica para que se practique a notificación vía postal, en cuxo caso deberá comunicalo ao órgano competente e sinalar un domicilio postal onde practicar as sucesivas notificacións.

Esta modificación comezará a producir efectos respecto das comunicacións que se produzan a partir do día seguinte a súa recepción no rexistro do órgano competente.

### As notificacións electrónicas

As notificacións se practicarán preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o interesado resulte obrigado a recibilas por esta vía.



## Concello de Baiona

Non obstante o anterior, as Administracións poderán practicar as notificacións por medios non electrónicos nos seguintes supostos.

a) Cando a notificación se realice con ocasión da comparecencia espontánea do interesado ou o seu representante nas oficinas de asistencia en materia de rexistro e solicite comunicación ou notificación persoal nese intre.

b) Cando para asegurar a eficacia da actuación administrativa resulte necesario practicar a notificación por entrega directa dun empregado público da Administración notificante.

Con independencia do medio utilizado, as notificacións serán válidas sempre que permitan ter constancia do seu envío ou posta a disposición, da recepción ou acceso polo interesado ou o seu representante, das súas datas e horas, do contido íntegro, e da identidade fidedigna do remitente e destinatario da mesma. A acreditación da notificación efectuada incorporarase ao expediente.

Os interesados que non estean obrigados a recibir notificacións electrónicas, poderán decidir e comunicar en calquera intre á Administración Pública, mediante os modelos normalizados que se establezan ao efecto, que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicarse por medios electrónicos.

O consentimento dos interesados poderá ter carácter xeral para todos os trámites que os relacionen coa Administración Municipal ou para un ou varios trámites segundo se haxa manifestado.

O interesado poderá así mesmo, durante a tramitación do procedemento, modificar a maneira de comunicarse coa Administración Municipal, optando por un medio distinto do inicialmente elixido, ben determinando que se realice a notificación a partir dese intre mediante vía electrónica ou revocando o consentimento de notificación electrónica para que se practique a notificación vía postal, en cuxo caso deberá comunicalo ao órgano competente e sinalar un domicilio postal onde practicar as sucesivas notificacións.

Esta modificación comezará a producir efectos respecto das comunicacións que se produzan a partir do día seguinte a súa recepción no rexistro do órgano



## Concello de Baiona

competente.

### ARTIGO 19. Practica das notificacións electrónicas

A práctica da notificación electrónica realizarase por comparecencia electrónica.

A notificación por comparecencia electrónica consiste no acceso por parte do interesado debidamente identificado, ao contido da actuación administrativa correspondente a través da sede electrónica da Administración Municipal.

Para que a comparecencia electrónica produza os efectos de notificación, requirirase que reúna as seguintes condicións:

- Con carácter previo ao acceso ao seu contido, o interesado deberá visualizar un aviso do carácter de notificación da actuación administrativa que terá dito acceso.
- O sistema de información correspondente deixará constancia de dito acceso con indicación da data e hora, momento a partir do cal a notificación entenderase practicada a tódolos efectos legais.

O sistema de notificación permitirá acreditar a data e hora en que se produza a posta a disposición do interesado do acto obxecto de notificación, así como a de acceso ao seu contido.

Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando haxan transcorrido dez días naturais dende a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

### ARTIGO 20.- ARQUIVO ELECTRONICO DE DOCUMENTOS

A Administración Municipal poderá almacenar por medios electrónicos



## Concello de Baiona

todos os documentos que se utilicen nas actuacións administrativas.

Os documentos electrónicos que conteñan actos administrativos que afecten a dereitos ou intereses dos particulares conservaranse en soportes desta natureza cos requisitos establecidos na lexislación reguladora do acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Os medios ou soportes en que se almacenen os documentos electrónicos dispoñerán das medidas de seguridade que garantan a integridade, a autenticidade, a confidencialidade, a calidade, a protección e a conservación dos documentos almacenados, e en particular a identificación dos usuarios e o control de acceso, así como o cumprimento das garantías previstas na normativa de protección de datos.

### DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Seguridade

A seguridade das sedes e rexistros electrónicos, así como a do acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, rexeranse polo establecido no Esquema Nacional de Seguridade.

O Pleno do Concello aprobará a súa política de seguridade co contido mínimo establecido no artigo 11 do Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica.

Deberase dar publicidade nas correspondentes sedes electrónicas ás declaracións de conformidade e aos distintivos de seguridade dos que se dispoña.

Deberase realizar unha auditoría regular ordinaria ao menos cada dous anos. Cada vez que se produzan modificacións substanciais no sistema de información que poidan repercutir nas medidas de seguridade requiridas, deberase realizar unha auditoría con carácter extraordinario, que determinará a data de cómputo para o cálculo dos dous anos. O informe de auditoría terá o contido establecido no artigo 34.5 do Esquema Nacional de Seguridade.



## Concello de Baiona

### DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Protección dos datos

A prestación dos servizos e as relacións xurídicas a través de redes de telecomunicación se desenvolverán de conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e as disposicións específicas que regulan o tratamento automatizado da información, a propiedade intelectual e os servizos da sociedade da información.

### DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. Habilitación de desarrollo

Se habilita á Alcaldía Presidencia para que adopte as medidas organizativas necesarias que permitan o desenvolvemento das previsións da presente Ordenanza e poida modificar os aspectos técnicos que sexan convenientes por motivos de normalización, interoperabilidade ou, en xeral, adaptación ao desenvolvemento tecnolóxico.

### DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA. Aplicación das previsións contidas nesta

#### Ordenanza

As previsións contidas nesta Ordenanza serán de aplicación tendo en conta o estado de desenvolvemento das ferramentas tecnolóxicas do Concello, que procurará adecuar as súas aplicacións ás solucións dispoñibles en cada intre, sen prexuízo dos períodos de adaptación que sexan necesarios. Cando as mesmas estean dispoñibles, publicarase tal circunstancia na sede electrónica.

### DISPOSICIÓN FINAL. Entrada en vigor

A presente Ordenanza, publicarase no *Boletín Oficial da Provincia*, e non entrará en vigor ata que se haxa publicado completamente o seu texto e haxa transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.>>

O Sr. Silvano Montes fomula a seguinte observación, onde día Concello de Mos debe dicir Concello de Baiona



## Concello de Baiona

---

Acto seguido, sométese a votación a proposta co seguinte resultado: cinco votos a favor (5PP) e catro abstencións (2PSOE, 1BNG, 1EU-Eu Son).

E por isto que a Comisión informativa informa favorablemente o asunto no senso da proposta.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**